

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 2 DE AGOSTO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:05 horas do día 2 de agosto de 2012, baixo a presidencia do Sra. Primeira tenente de alcalde dona Rocío Aurora Bertoa Puente (Resolución de substitución nº 767/2012), reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiu: Don Gumersindo Pedro Galego Feal.

Secretario accidental:

Don Fernando Aradas García.

Interventora accidental:

Dona Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta de data 31/05/2012

Non habendo obxeccións, quedan aprobada a acta de data 31/05/2012.

2. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 596/2012 á 730/2012

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da conta xeral, exercicio 2011

A presidenta toma a palabra dando conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 23 de xullo de 2012 sobre a aprobación da conta xeral do exercicio 2011 cun resultado de aprobación por maioría simple de 3 votos a favor do grupo do PP e 3 abstencións, 2 do BNG e 1 do grupo socialista.

A continuación pide a palabra o Concelleiro Iván Puentes Rivera quen, unha vez concedido, manifesta que van votar a favor en base, fundamentalmente, ós informes de intervención que obran no expediente.

A continuación pide a palabra o Concelleiro Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que igual que fixeron na comisión se van abster.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, di que se van abster.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego de data 23 de xullo de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) (dos/as Sres/as Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Paineiras, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa).

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Aprobar a conta xeral do exercicio 2011

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal contra a suba do IVE

A presidenta, previa petición, concédelle a palabra a María Carmen Martínez Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que como comentamos os portavoces dos grupos municipais fai uns minutos e dadas as circunstancias especiais deste pleno, o grupo mixto municipal desexa retirar as mocións para levalas ó pleno do mes de setembro.

Non habendo mais intervencións a presidenta somete a votación ordinaria a retirada da moción da orde do día.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda retirar a moción da orde do día.

5. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal contra á redución da renda básica de emancipación

A presidenta, previa petición, concédelle a palabra a María Carmen Martínez Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que, como sinalou no punto anterior, desexa retirar a moción.

Non habendo mais intervencións a presidenta somete a votación ordinaria a retirada da moción da orde do día.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda retirar a moción da orde do día.

6. Aprobación, se procede, do expediente de investigación do camiño rúa Taboado, Sillobre

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, realizada o 24 de xullo de 2012, que foi aprobado por unanimidade dos seus membros presentes:

<<O camiño sito na parroquia de Sillobre denominado rúa Taboado e que une os viais municipais Costa de Lagarteira e Ortel non consta no inventario de bens municipais como ben do concello.

Existen indicios da súa titularidade pública, como é a declaración de propietarios colindantes, o seu uso público continuado, a disposición das vivendas ao seu carón e o feito de que sirva de enlace con outros viais de titularidade pública.

Faise preciso para poder resolver dúbidas xurdidas a nivel urbanístico a súa consideración como público ou privado na súa traza actual.

Por todo o exposto e vistos os artigos 48 e seguintes do Regulamento de bens das Entidades Locais, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Iniciar un expediente de investigación de oficio para determinar a posible titularidade pública do camiño.

- 2.- Publicar o acordo de iniciación no BOP e taboleiro de anuncios do concello concedendo un prazo dun mes aos posibles afectados para que aleguen o que estimen oportuno.
- 3.- Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Estatal e Autonómica.
- 4.- Notificar o presente acordo de iniciación aos afectados coñecidos e identificables.
- 5.- Finalizado o período de exposición pública, procédase, por parte da alcaldía, á apertura dun período de proba, de conformidade cos artigos 51 e seguintes do RBEL.>>

Ao non haber debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

- 1.- Iniciar un expediente de investigación de oficio para determinar a posible titularidade pública do camiño.**
- 2.- Publicar o acordo de iniciación no BOP e taboleiro de anuncios do concello concedendo un prazo dun mes aos posibles afectados para que aleguen o que estimen oportuno.**
- 3.- Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Estatal e Autonómica.**
- 4.- Notificar o presente acordo de iniciación aos afectados coñecidos e identificables.**
- 5.- Finalizado o período de exposición pública, procédase, por parte da alcaldía, á apertura dun período de proba, de conformidade cos artigos 51 e seguintes do RBEL.**

7. Aprobación, se procede, da ratificación da Resolución da Alcaldía 681/2012 de aprobación do "Proxecto básico e de execución de restauración de Edificio Municipal no Parque Castelao para usos varios" e "Proxecto modificado de acondicionamento e pavimentacións Camiños en Fene (Camiño Sixto Mauriz e outros), incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal 2008 (POS 2008)"

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, realizada o 24 de xullo de 2012, que foi aprobado por unanimidade dos seus membros presentes:

Dase conta da seguinte resolución da alcaldía de 11.7.2012 nº 681 para a súa ratificación polo pleno:

<< Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal Lino Ameneiro Seijo de 10.07.2012 e o informe de secretaría de data 11.7.2012 nº 137/2012 en relación ao "Proxecto básico e de execución de restauración de Edificio Municipal no Parque Castelao para usos varios" elaborado polo arquitecto A. Carlos Ardá Suárez (nº Colexiado 1.554) de data outubro de 2010. Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal Lino Ameneiro Seijo de 04.07.2012 así como o informe xurídico de data 09.07.2012 no relativo ao "Proxecto modificado de acondicionamento e pavimentacións Camiños en Fene (Camiño Sixto Mauriz e outros)"- POS 2008.

En uso das atribucións conferidas pola DA 2ª do TRLCSP, RESOLVO:

PRIMEIRO.- A aprobación do "Proxecto básico e de execución de restauración de Edificio Municipal no Parque Castelao para usos varios".

SEGUNDO.- A aprobación do "Proxecto modificado de acondicionamento e pavimentacións Camiños en Fene (Camiño Sixto Mauriz e outros), incluído no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2008 (POS 2008).

TERCEIRO.- As presentes aprobacións quedan condicionadas á obtención das oportunas autorizacións sectoriais preceptivas de conformidade cos informes emitidos.>>

Ao non haber debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Ratificar a Resolución da Alcaldía 681/2012 de aprobación do "Proxecto básico e de execución de restauración de Edificio Municipal no Parque Castelao para usos varios" e "Proxecto modificado de acondicionamento e pavimentacións Camiños en Fene (Camiño Sixto Mauriz e outros), incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal 2008 (POS 2008)

8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG contra as medidas económicas e reforma do réxime local do goberno do PP

A presidenta, previa petición, concédelle a palabra a Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que desexan retirar a moción da orde do día, que está ditaminada polo que solicitan que vaia na orde do día do próximo pleno de setembro.

Non habendo máis intervencións a presidenta somete a votación ordinaria a retirada da moción da orde do día.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda retirar a moción da orde do día.

9. Mocións

Non se presentan

10. Rogos e preguntas

A presidenta, previa petición, concédelle a palabra a Iván Puentes Rivera quen, unha vez concedido, manifesta que tendo en conta a especialidade deste pleno e a ausencia forzada do alcalde van renunciar a facer rogos e preguntas, e as deixan para o mes de setembro.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que desexan transmitir as súas condolencias ó señor alcalde e que, dadas as circunstancias, tampouco van facer rogos nin preguntas.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que tamén quere transmitir as súas condolencias e non van realizar nin rogos nin preguntas.

A presidenta toma a palabra dando as grazas, en nome do goberno municipal e en nome do alcalde, a tódolos membros da corporación, PSOE, BNG e EU pola súa actitude, pola súa comprensión e por apoiar desta maneira ó alcalde.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 18:15 horas, de todo o que como secretario accidental dou fe.

A primeira tenente de alcalde

O secretario accidental

dona Rocío Aurora Bertoa Puente

Fernando Aradas García